

## Opcións para instalar internet na casa

### ◆ Fibra óptica

Conexión por cable. Require instalación de cable fibra óptica.

Na túa zona debe haber instalación de fibra óptica. A empresa coa que contrates internet deberá levar un cable ata a túa vivenda e deixarche dentro unha conexión para instalar o router. ([+info](#))

### ◆ WIMAX

Conexión por antena. Require instalación de antena.

Este tipo de conexión usouse e úsase moito durante os últimos anos no rural. A empresa coa que contrates deberá confirmar que tes cobertura. Instalarán unha pequena antena nalgún lugar exterior da vivenda onde colla cobertura e deixaranche dentro unha conexión para instalar o router. ([+info](#))

### ◆ 4G

Conexión por telefonía móbil. Non require instalación.

Funciona como un teléfono móbil pero a tarxeta SIM se introduce no router. O router soamente necesita estar conectado a corrente e debe estar nun sitio da vivenda no que teña boa cobertura. ([+info](#))

### ◆ ADSL

Conexión por líneas telefónicas. Require instalación de línea telefónica.

Debes ter línea de teléfono na vivenda ou solicitar a empresa coa que contrates internet que cho instale. Tamén che deberán deixar unha conexión para instalar o router. ([+info](#))

### ◆ Satélite

Conexión por antena parabólica. Require instalación de antena parabólica.

Este tipo de conexión se suele usar cando non hai ningún dos anteriores dispoñibles. Igualmente, a empresa coa que se contrate deberá confirmar que hai boa cobertura, instalarán unha antena parabólica no exterior da vivenda (esta instalación suele ter un coste alto ou polo contrario, unha permanencia alta coa empresa que se contrate internet), e deixarán unha conexión dentro da vivenda para o router. ([+info](#))

## Cal elixir:

**Internet por fibra óptica é a tecnoloxía que máis beneficios nos aporta en canto a calidade da conexión; e internet por satélite é a que menos debido a súa maior latencia.** Despois da fibra óptica, Wimax está funcionando moi ben no rural, e tamén 4G, pero estas dependen moito da cobertura que haxa na zona. ADSL xa leva con nos moito tempo e segue sendo unha opción que está aí.

A decisión de que tipo de internet instalar na nosa vivenda depende moito de cada situación. O primeiro sería saber cales das opcións chegan ata a nosa vivenda con boa conexión, e unha vez este paso dado, decidir en función de si queremos facer unha instalación previa, prezos, etc ...